

A TENDA DE ROBOTS

Ola! Chámome Robi e vouvos a contar como me convertín no robot máis popular da tenda.

Unha tarde, que a mecánica estaba aburrida, construíume utilizando as pezas que lle sobraron ao montar outros robots.


Cada peza era diferente,
e este foi o resultado

Este son eu!




As miñas pezas non son perfectas, pero todas funcionan e podo facer cheas de cousas! O que máis me gusta é contar historias e bailar.

No almacén, a música sempre está a soar mentres traballan os mecánicos, así que me paso o día ensaiando os meus pasos favoritos.



Cada mes, o escaparate da tenda cámbiase e todos os robots queremos ser os elixidos para estar alí. Pero a min nunca me escollen, din que estou feito con retallos e que un robot coma min ninguén o compraría.



Iso non é verdade e é inxusto que eu non teña as mesmas oportunidades de ser elixido que o resto de robots. Por iso pensei nun plan para demostrar o que vallo.

O primeiro que fixen foi coarme nunha das caixas que levan á tenda. Esperei e esperei. Todo estaba en silencio, era o momento de saír.

Fun ao escaparate e cando me viron o resto de robots non podían crelo!



Eu expliqueilles que todos somos iguais e merecemos ter as mesmas oportunidades. Seguro que había moitos nenos aos que lles gustaban os robots diferentes coma min.

Non pareceu sentarlles moi ben, pero, ao final, deixáronme un oco na esquina do escaparate. Case non se me vía, pero xa me encargaría eu de captar a atención!


Ás dez en punto as portas da tenda abríronse, entón contei ata tres e puxen en marcha a música que tiña programada.



Empecei a bailar e, ao pouco tempo, unha chea de xente estaba parada fronte ao escaparate vendo como me movía.

Os dependentes estaban tan ocupados ordenando os andeis da tenda que non se decataron de nada, pero moitos clientes entraron preguntando polo prezo do robot bailarín.

"O robot bailarín? Non temos ningún robot que baile", dician. Entón, cando sinalaron ao escaparate, descubriron o que estaba a pasar.




Nese momento, déronse conta que se equivocaron.

Non me quixeron por ser diferente e non me trataron igual que ao resto de robots, pero moita xente quería comprarme!

Desde ese día todas as pezas soltas do taller utilízanse para construír robots.

Agora somos un dos modelos máis vendidos da tenda!



Pero o máis importante...

...aprendemos que todos somos iguais e debemos ter as mesmas oportunidades.

